

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **31 de outubro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

6.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DE ALUGER DE MAQUINARIA DE OBRA PÚBLICA, CON E SER MAQUINISTA, PARA A REPARACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS E OUTROS EQUIPAMENTOS CONEXOS. EXPTE. 70983/250.

Visto o informe de fiscalización do 27.10.14, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 14.10.14, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación celebrada o 14 de outubro de 2014, entre outros, acordou:

8.- Proposta de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos (expediente 70983-250).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Lexislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos.*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de setembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 26 de setembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 22/09/14, da xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

“A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 19 de setembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- Proposta de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos (expediente 70983-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-08-2016, 07-08-2014, 09-09-2014 e 19-09-2014 e dos informes do xefe do servizo de Vías e obras de data 07-08-2014 de do xefe da área de Fomento de datas 04-09-2014 e 12-09-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación de aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos” (expediente 70983-250), no seguinte orde decrecente:

- 1. CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAS, S.A.*
- 2. PETROLAM A VEIGA, S.L.*
- 3. NARON, S.L.*
- 4. VALE, S.L.*
- 5. FELSA, S.L.U.*
- 6. ORESA, , S.L.*

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil.*
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 714,42 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 30 de setembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 03 de outubro de 2014, dentro do prazo sinalado. Revisada a documentación se observa que esta é correcta, a excepción da garantía definitiva que é insuficiente e ademáis terá que presentar o xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil.

Terceiro.- A mesa de contratación, na súa sesión de data 08 de outubro, acorda requirirle ó licitador que complete a documentación requirida.

Cuarto.- CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAS, S.A. en data 08 de outubro de 2014, dentro do prazo de presentación da documentación, completa a garantía definitiva e presenta o xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil. .

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación de aluguer de maquinaria de obra pública, con e sen maquinista, para a reparación das infraestruturas viarias e outros equipamentos conexos (expediente 70983-250) por un prezo total de 871.200 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 35,50% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no CADRO I do anexo I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trinta e un de outubro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.